



**ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE FRIOL PARA O PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA E MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO C.P.I. Dr. LÓPEZ SUÁREZ**

En Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020

**REUNIDOS**

Don \_\_\_\_\_ secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Don \_\_\_\_\_, alcalde do Concello de Friol, actuando de conformidade co disposto nos artigos 21.1. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1. a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar a presente addenda ao convenio asinado o 15 de xullo de 2020, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

**MANIFESTAN**

I.- Conscientes da importancia da colaboración económica entre as Administracións Públicas para a realización de obras que beneficien ao conxunto das cidadáns para a realización da práctica deportiva, e nos obxectivos de potenciar o deporte base e de contribuír a unha mellor dotación das infraestruturas que permitiran satisfacer ás crecentes demandas sociais no ámbito deportivo, asinouse con data 15 de xullo de 2020 un convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Friol para o proxecto básico e de execución do pavillón polideportivo C.P.I. Dr. López Suárez segundo o recollido no proxecto técnico redactado polo técnico competente

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de noventa e cinco mil euros (95.000,00 €) IVE incluído.

A Secretaría Xeral para o Deporte subvencionará ditas actuacións achegando ao Concello de Friol a cantidade de corenta e sete mil cincocentos euros (**47.500,00 €**), con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0 (código de proxecto 2013 000 39) do seu orzamento de gastos para o exercicio 2020 co fin de posibilitar a contratación das actuacións ás que se refire o presente convenio, de acordo coa seguinte cantidade:

Anualidade 2020.....47.500,00 €



Pola súa banda o Concello de Friol achegará con cargo aos seus créditos orzamentarios a cantidade de corenta e sete mil cincocentos euros (**47.500,00 €**) que se imputarán con cargo aos orzamentos do 2020 do Concello de Friol, partida orzamentaria 342-632

Anualidade 2020.....47.500,00 €

Segundo se manifesta no escrito de solicitude do Concello de Friol de data 05 de outubro de 2020, é preciso unha ampliación de prazos de execución e xustificación establecidos na cláusula quinta do convenio e na que, concretamente, se fixaba para o 14 de novembro de 2020 como prazo para presentar a xustificación do último pagamento.

De acordo co exposto, a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Friol, acordan subscribir esta addenda consonte ás seguintes:

### CLÁUSULAS:

#### XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

De acordo co artigo 8 do Decreto 193/2011 polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o Concello de Friol estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención á realización da actividade e o seu custo real mediante a presentación cunha conta xustificativa integrada con carácter xeral pola documentación que se relaciona no artigo 10 do Decreto 193/2011, e que incorporará en todo caso a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En todo caso, na xustificación deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios, así como doutras subvencións ou recursos á actuación subvencionada.

O prazo para presentar esta xustificación será **antes do 14 de decembro** de 2020. Os pagamentos efectuaranse unha vez examinada e conformada a xustificación presentada polo Concello.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data e hora sinaladas na sinatura electrónica

O secretario xeral para o Deporte

O alcalde do Concello de Friol